



ESCALETA DA

ONDA DISCALZA



Título do programa: Argallando coas palabras

Data da gravación	6/10/2020	Duración	4:58	Nº de programa	1
Locutores / as	<u>Alumnos de Radio Escolar - 1º de ESO</u> Amor Pérez, Hugo Barcia Mateo, Adrián Bereijo García, Julia Bereijo Sabio, David Brañas Yáñez, Irene Casas Quiza, Anxo Collu Leonardo, Ugo Antonio Fanego Rodríguez Pablo		Griotti Cuello, Benjamín Hermida Cagiga, Manuel Lopes Bellón, Jorge Moreda Meroño, Anxo Lucio Muiño Pla, Uxía Pérez Iglesias, Xulia Pita Hermida, Miguel <u>Ciclo Medio de Electricidade</u> Muiño Romero, José Germán		

Invitado especial	Andrés Toxeiro Fraguela - Profesor de Formación Profesional e autor da obra na que se recollen os termos empregados
Técnicos / as	Pérez Pérez, Irene
Música	Sintonía da Onda Discalza A Alén de Xandre Outeiro (con permiso do autor)
Documentación	Traballo inédito sobre localismos e palabras esquecidas da contorna de Cedeira. Traballo recopilatorio realizado por Andrés Toxeiro e Cristina Bustabad.
Guión	Xulia - Benvidos á Onda Discalza, a emisora de Radio na biblio do IES Punta Candieira Anxo C. - <i>“Eu desexaria unhas primaveras nas que florescese sen receios a unidade e variedade do noso idioma e da nosa cultura”.</i> Julia - Estas palabras de Carvalho Calero teñen moito que ver co que imos contar, porque hoxe estamos aquí para xogar coas palabras, as nosas, as máis próximas. Adrián - Queredes oir unha historia? Todos - Claro!!! Adrián. Pois todo comezou nestes tempos de andacio, un día que paseaba eu pola praia xogando cos meus achifánfanos. E encontreime cun home con moi malas pintas. Benjamín. Un faxistrol, vaia!

Guión

Adrián - Se só fora iso! Un apaniogado, non daba pé con bola. Iba apaxeando a un can que tiña tan mala pinta coma el.

Anxo M. - E non te asustaches?

Adrián - Que va! Quen apaxea a un can non pode ser mala persoa, non?

Hugo - E que fixeches?

Adrián - Pois fixome acenos coa man, capeandome, para que me achegara.

Irene - E fuches? Eres capaz, con esa rebixe que tes.

Adrián - Eu fun máis que nada polo can, e tamén polos careixóns que levaba nun pano.

Irene - Sempre fuches un pouco surrivado, eh?

Adrián - O caso é que collín inxirada e fun canda el. De cerca non parecía tan pinzamiñocas. Ata tiña un aquel. Acariñei ao can e comín careixóns e de paso, escoitei unha historia.

Pablo - A min as historias danme unha gaia!!!

Manuel - Que dis? Onde se poña unha boa historia....

Adrián - O home andaba todo desbragoletado porque cando novo caeu da cinguanga. Un contreón que o levou a terra. E xa ves, toda unha vida andando polos camiños e polo mar

Uxía - Polo mar? Pero non dis que era un mangarraños

Guión	Adrián - Si, polo mar. Andivo de pirata polos mares lonxanos, moi lonxanos. E un rei ofreceulle un reloxo de ouro como garrido Jorge - Eu creo que o fixo ese home foi esbardallar. Quen pode crer esa historia? Adrián - Pois eu crinlla. E máis vinlle o reloxo Ugo - A min paréceme que ese home era un chacharaveco Adrián - Pensade o que queirades, por min como se tedes unha intrinquidencia coa miña historia. Pero o reloxo existía e ben que brilaba. Benjamín - E como acabou o conto? Adrián - Pois xa quedamos máis veces na praia. Se prometedes non andar ás apegotas, igual vos levo connigo. Se queredes, eh? Todos - Queremos!!! Adrián - Pois vinde canda min ao país das palabras, onde calquera cousa é posible.
Entrevista	Man - Toxeiro, por que “coleccionas” palabras esquecidas? Andrés - Porque coas palabras faise maxia, a maxia da comunicación. E, concretamente, os localismos, cos seus matices acepcionais, son pezas clave para entender a realidade dun determinado entorno social. En fin, as palabras son cultura.

Entrevista

Man - Por que se deixaron de empregar de xeito cotián?

Andrés - Pois por varias razóns, pero quizais a máis relevante, sobre todo no mundo rural (onde eu me criei), estriba en que xa non se levan a cabo as actividades laborais vinculadas ao emprego destes vocablos. Por outra banda, é ben sabido que cambiaron os costumes, os modais..., sen esquecerse do cosmopolitismo, que tamén influíu notablemente.

Man - Ti usas eses termos a miúdo?

Andrés - Non, porque a maioría da xente non me entendería. Pero, de cando en vez, un amigo da infancia e mais eu parolamos usando esa linguaxe vernácula. Ao mellor el dime que anda empreguiñado dos cadrís, e eu dígolle que teño os pés en lardo vivo o que me larea unha man, ou que teño escaldacións, ou que sei eu que...! Ás veces danos a risa, porque saenos expresións que case ninguén utiliza.

Man - Entón estase a perder ese patrimonio lingüístico?

Andrés - Se nos desganzamos, claro que si. A xente maior aínda conserva parte desa fala, e non é raro presenciar parrafadas moi curiosas e interesantes. Sempre me chamou a atención a estrutura mental da mensaxe que teñen moitos e deles (e moitas e delas), así como o feito de expresarse claramente cun vocabulario certamente limitado, prescindindo de palabras que nosoutros temos considerado como case indispensables.

Man - Pois moitas grazas por dedicarnos estes minutos e achegarte á radio para partillar con nós.

Andrés - Pois de nada. A mandare!!

Enlaces	Ivoox - Argallando coas palabras Blog da Onda Discalza
---------	---

As oportunidades que un programa como Radio na Biblio ofrece aos centros adoita ser un agasallo para o desenvolvemento dos traballos por proxectos. A iniciativa do podcast que presentamos forma parte desta investigación que ten como base de estudo Cedeira e a súa contorna, os hábitos e as tradicións. O noso interese nos últimos anos por dar a coñecer o patrimonio inmaterial concrétase hoxe neste traballo sobre o patrimonio lingüístico. A recuperación da memoria e da palabra esquecida, que cae en desuso por mor do abandono de oficios tradicionais e da vida no rural, vén a amosarnos a riqueza do noso pobo.

Queremos celebrar a palabra e tamén a Carvalho Calero, un home que adicou a súa vida a ela.

Despois dun final de curso 2020/21 onde botamos de menos a radio, a aula e aos alumnos, un curso no que fixemos Radio sen radio, queríamos darlle a benvinda a este novo grupo de alumnos da materia de Radio na biblio de 1º de ESO. Volver aos micros, á biblio, á realidade de compartir véndonos as caras. Moi pouco tempo tiveron para prepararse, co retraso do inicio de curso, pero cremos que prometen. Este programa tamén é para e por eles e elas.

Andrés Toxeiro e Cris Bustabad adicaron grande parte do seu tempo a recoller esas palabras esquecidas que recompilaros e das que hoxe damos aquí unha pequena mostra. O recoñecemento tamén vai para eles.

Obxectivo	Dar a coñecer o patrimonio lingüístico da contorna cedeiresa.
Traballo de documentación	Entrevista e léxico facilitado polo autor da obra inédita onde se recollen os termos que se destacan na narración. Achifánfano. - Cousa indeterminada da que non se coñece ou recorda o seu nome Andacio. - Epidemia

	Capear.- Feito de chamar a alguén coa man, indicándolle que se achegue a onda un. Careixón.- Froito comestible encarnado e sabroso moi semellante ao morango. Cinguanga.- Sistema que utilizan os pequenos para divertirse, que consiste nunha corda dobrada e atada á póla dunha árbore; o que xoga séntase na dobra e móvese suspendido no aire. Contreón.- Empuxón. Desbragoletado.- Persoa que anda mal amañada no tocante á vestimenta. Faxistrol.- Home que anda sempre mal vestido. Gaia.- Cansazo e gañas de non facer nada. Garrido.- Obsequio que se lle da a alguén Intrínquidencia.- Desacordo ou desconformidade. Inxirada.- Impulso que colle unha persoa para dar un salto. Mangarraños.- Persoa que non ten actividade laboral. Pinzamiñocas.- Sinónimo de mangarraños. Rebixe.- Ter a rebixe. Non ser quen de estar moito tempo parado. Surrivado.- Dise do neno que actúa con pillería.
Lugar de gravación e edición	Onda Discalza - Radio na biblio do IES Punta Candieira

Competencias clave

- Na selección das fontes de información: CCL / CSC / CCA / CMCCT / CCEC
- Na recollida de datos: CCL / CSD / CSIEE / CCEC
- Na posta en común: CCEC / CSC / CSIEE
- Na creación baseada na tradición: CCEC / CSC / CCL
- Na dramatización: CCL / CSC / CCEC
- Na gravación e difusión: CCEC / CSC